



## No Camiño Miñoto-Ribeiro

A Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Vigo, xunto cos Concellos do camiño Miñoto-Ribeiro (Lobos, Entrínho, Melgaço –Castro Leboeiro – Portugal–, Padrenda, Pontedeva, Cortegada, A Arnoia, Ribadavia, Beade, Leiro, Boborás, Beariz, Forcarei, A Estrada, Vedra e Santiago de Compostela), e a colaboración da Asociación Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro e do colectivo Medicina e Arte, quere animarvos a CREAM un arquivo de datos deste Camiño.

Recolledé, escribide, debuxade, pintade, fotografade, cantade... vellas lendas, contos, refráns, anécdotas, historias de camiñantes, ruínas, fontes, igrexas, cantigas..., todas esas aventuras e lugares que coñecedes e que ides coñecer...

O tempo de Nadal é tempo de encontros e de falar coa familia, con esas avoas e avós que coñecen vellas historias que lles contaron hai xa moito tempo, con veciñas e veciños que saben cousas do camiño..., falade con toda esa xente e contádenos o que vos din.

Cada carta que recibamos vai ser unha estrela que alumee no camiño para comezar a crear este arquivo.

Animádevos a participar. Neste tempo de agasallos, podedes facerlle un bo agasallo á vosa, terra, á vosa cultura.

Tedes de prazo para enviarnos cousas ata as vacacións de Pascua, ao enderezo:

**A atención de Lurdes Maceiras**  
**Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública**  
**Universidade de Vigo**  
**Facultade de Fisioterapia**  
**Campus Universitario de Pontevedra**  
**36005 PONTEVEDRA**

Ou ben ao enderezo electrónico: [lurdesmg@uvigo.es](mailto:lurdesmg@uvigo.es)

Este Camiño existe dende moi antigo, aínda que non estea oficializado. Xa no ano 1783 o arcebispo de Santiago (que ía *tomar as augas* a Cortegada) pedíalle ao rexedor do Ribeiro que arranxara determinados puntos deste camiño para que puideran pasar mellor por el "*peregrinos, viajeros y comerciantes*", como consta nos libros existentes no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Municipal de Ribadavia (sito no Museo de Ribadavia).

